



CORUFEST 24
DO 9 AO 19 DE MAIO



CALENDARIO		3
ESCENA	ELAHOOD (DANZA) <i>09/05/24 ÁGORA</i>	5
	IF, LA LIGEREZA (TEATRO) . <i>12/05/24 T.ROSALÍA</i>	7
	CEIBE (DANZA) <i>16/05/24 T. ROSALÍA</i>	9
	SIMULACRO (DANZA) <i>17/05/24 T. COLÓN</i>	11
	SEXPIERTOS (TEATRO) <i>18/05/24 T. COLÓN</i>	13
O PODCAST DO CORUFEST		16
ENCUNTROS	MIRIAM BEIZANA	19
	NANDO LÓPEZ	20
	ALBERTO CONEJERO	22
PREMIO SAMUEL LUIZ 2024 a CARLA ANTONELLI		25
OBRADOIRO 2024 con ÁLVARO CABOALLES		27
EXPOSICIÓN 2024 con FELIPE RIVAS SANMARTÍN		29
DOMINGO DA SEOANE		31

CORUFEST 2024

O festival LGBTIQ de artes escénicas que inaugura a acción cultural desde os espazos propios do Concello este ano vén cargado de actualidade e danza.

A presenza do autor concienciado con máis exemplares vendidos de España (Nando Lopez), o espectáculo que fai reflexionar sobre o presente que é e do que puido ter sido (IF) , a nosa realidade como diversos na danza con Fran Sieira e as Elahood.

O enlace internacional coas portuguesas Margarida Monteny e Carminda Soares e co chileno Felipe Rivas e a súa reflexión sobre a IA .

O realismo social de Sexpiertos, así como a presenza do Premio Nacional de Literatura dramática Alberto Conejero.

O obradoiro do creador emerxente Alvaro Caboalles.

A presenza do coordinador de Políticas LGBTIQ+ Julio del Valle de Iscar

E o premio á máis recoñecible activista Trans do noso país Carla Antonelli.

Un ano no que consolidamos a existencia do “Pódcast do CORUFEST” así como a colaboración con librarías de Coruña artellando unha dinámica de sinerxía entre o público e o privado dando pé a presenza das actividades nun dos barrios máis populosos da Coruña como é as Conchiñas coa firma dos autores na librería “O galgo Azul”

CALENDARIO

MAIO 2024

L 06	M 07	Me 08	X 09	V 10	S 11	D 12
			<p>12:00</p> <p>EXPOSICIÓN FELIPE RIVAS (ATA O 30/05)</p> <p>CASARES QUIROGA</p> <p>20:30</p> <p>ELAHOOD</p> <p>ÁGORA</p>	<p>19:00</p> <p>ENCANTRO NANDO LOPEZ</p> <p>BIBLIOTECA ÁGORA</p>	<p>12:00</p> <p>FIRMA LIBROS NANDO LOPEZ</p> <p>GALGO AZUL</p> <p>20:30</p> <p>XANELA IGUALDADE SEXUALIDADE IDENTIDADE</p> <p>ÁGORA</p>	<p>20:30</p> <p>IF (LA LIGEREZA)</p> <p>TEATRO ROSALÍA</p>
L 13	M 14	Me 15	X 16	V 17	S 18	D 19
	<p>16:00-20:00</p> <p>OBRADOIRO ÁLVARO CABOALLES</p> <p>F.LUIS SEOANE</p>	<p>16:00-20:00</p> <p>OBRADOIRO ÁLVARO CABOALLES</p> <p>F.LUIS SEOANE</p> <p>20:30</p> <p>ENCANTRO SOBRE POLITICAS LGBTIQ+: JULIO DEL VALLE DE ISCAR</p> <p>CASARES QUIROGA</p>	<p>16:00-20:00</p> <p>OBRADOIRO ÁLVARO CABOALLES</p> <p>F.LUIS SEOANE</p> <p>20:30</p> <p>CEIBE</p> <p>TEATRO ROSALÍA</p>	<p>12:00</p> <p>ENCANTRO MIRIAM BEIZANA</p> <p>GALGO AZUL</p> <p>16:30-18:00</p> <p>ENCANTRO ALBERTO CONEJERO</p> <p>HALL T.COLÓN</p> <p>18:30 -20:00</p> <p>PERFORMAR A DISIDENCIA</p> <p>F.LUIS SEOANE</p> <p>20:30</p> <p>SIMULACRO</p> <p>TEATRO COLÓN</p>	<p>12:00</p> <p>PREMIO SAMUEL LUIZ A CARLA ANTONELLI</p> <p>GALGO AZUL</p> <p>20:30</p> <p>SEXPIERTOS</p> <p>TEATRO COLON</p>	<p>13:00</p> <p>DOMINGO DA SEOANE (LERIA)</p> <p>F.LUIS SEOANE</p>

ESCENA

ÁGORA

DATA: XOVES 09/05/24

Unha compañía galega de danza urbana e creación contemporánea formada por Sabela Dominguez e Julia Laport no ano 2017. A compañía aposta por visibilizar as danzas urbanas como un medio de expresión lexítimo na danza profesional, sosteñen unha visión artística clara e directa, caracterizada por unha linguaxe visual e musical cunha mirada cara a fóra.




09 EXTENDER COMO SI PUDIERA + INTEMPESTIVA



EXTENDER COMO SI PUDIERA

Este proxecto é a primeira proposta en solitario da bailarina e creadora Julia Laport. Tras 5 anos como codirectora da compañía Elahood, Julia comeza o seu primeiro proxecto individual co asesoramento do psicanalista e filósofo brasileiro Igor Teo. Esta investigación explora os límites e o illado no corpo. Busca poñer o corpo no bordo. Poñerse no bordo do corpo. Na capa máis externa anterior ao outro. Levar a alma á superficie da cara, dos dedos e da pel. Levar o corpo ao límite que o separa do que non é corpo, explorando así que hai máis alá do límite. Esa liña infinita que separa aquí de alá, o profundo do leve. Buscando que hai máis adentro, máis alá, por detrás, noutro plano, noutros ollos, no fondo da garganta.



INTEMPESTIVA

A nova proposta escénica da compañía galega de danza urbana Elahood. Inspirada na obra e na figura da recoñecida autora Xela Arias (galardoada coas Letras Galegas 2021), Intempestiva é un espectáculo de danza para rúa e espazos non convencionais con 15 ou 17 minutos de duración. A proposta conta con Julia Laport e Sabela Domínguez na coreografía e interpretación, con Gena Baamonde na dramaturxia escénica e co espazo sonoro a cargo de LLXNTO & Bruno Baw.

PRIMER PREMIO Y PREMIO DE LA CRÍTICA | CERTAMEN COREOGRÁFICO DE MADRID (2021) PREMIO MELLOR ESPECTÁCULO | PLATAFORMA DE DIÁLOGOS CONTEMPORÁNEOS DO FESTIVAL DZM (Cáceres, 2021)


TEATRO ROSALÍA

DATA: DOMINGO 12/05/24

IF (La ligereza) é un xogo de ficcións, un espello deformante de como outros yos fosen posibles, de como outras vidas fosen vividas.

Todos lembramos ese momento crucial onde tomamos esa decisión que modificou o acontecer da nosa vida. Que pasase se tomase a decisión contraria?

IF (La ligereza) é un xoguete, unha ilusión, unha auto-ficción falsa, un simulacro, un lugar onde soñar e temer por aquilo que puido ser e non foi, Ou quizá se foi? Todas as vidas....son posibles.



12 | IF (LA LIGEREZA)




TEATRO ROSALÍA

DATA: XOVES 16/05/24

Ceibe é unha obra de baile e música tradicional que afonda na relación entre os roles de xénero e a nosa tradición.

Ceibe traballa sobre o xénero e as súas formas de operar en diferentes ámbitos do día a día, incluíndo unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional.

Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente para establecer distancia coa normalidade e arrastrala cara ás marxes, e dende aí formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Cuestiona, por tanto, as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos.









TEATRO COLÓN

DATA: VENRES 17/05/24

"Simulacro" é un exercicio de intimidade, repetición e resistencia. Dous corpos en acción continua explotan os límites da súa proximidade a través da natureza degenerativa do xesto. Créase un espazo difuso entre o real e o encenado, entre o público e o privado, potenciándose estados de vulnerabilidade, expectativa e tensión.

"Simulacro" parte dun conxunto de accións e xestos presentes no cotián das dúas intérpretes, atravesado por fragmentos de memorias partilladas, nun exercicio lento de transformación dos corpos e das súas pulsións.






TEATRO COLÓN

DATA: SÁBADO 18/05/24

Anna e Nico están atrapados nun ascensor e pasarán de ser descoñecidos a facerse amigos.

Unha comedia de crecemento persoal que revela as vivencias afectivo-sexuais dun xornalista con parálise cerebral e unha vendedora de caramelos, demostrando que todos temos medos, soños e ilusións.





XANELA

(O PODCAST DO CORUFEST)

ÁGORA

DATA: SÁBADO 11/05/24

Baixo a batuta de Xabier Romero, capturaran as declaracións de todas as presentes para poder conformar unha edición de podcast para conservar os materias divulgativos .

Esta edición será a da consagración do “Pódcast do CORUFEST” , algo experimentado na edición anterior mais agora convertido en eixo vertebrado dos contidos desta edición.

4 activistas e divulgadoras tecendo o noso presente diverso. Contando coa presenza do autor Nando Lopez



11 IGUALDADE SEXUALIDADE E IDENTIDADE



JAZMIN BEIRAK
Historiadora da arte e investigadora en políticas culturais. Autora de “Cultura ingobernable”.



DANIEL TRIGUILLO
Xornalista .Divulgador e activista LGTB. Creador de contidos, a medias entre o divulgativo e o entretemento, en redes sociais.(200.000 fwrs)



JIMENA GONZALEZ
Académica e política española. Foi elixida deputada á Asemblea de Madrid nas eleccións autonómicas de 2023. É doutora en Filoloxía Románica.



MARIA REIMÓNDEZ
María Reimóndez (Lugo, 1975) é tradutora e intérprete de profesión e feminista por convicción. Conta cunha ampla lista de títulos, dende a poesía ao ensaio, pasando pola narrativa.

ENCONTRO

ÁGORA

DATA: VENRES 10/05/24


Novelista, dramaturgo e Doutor Cum Laude en Filoloxía Hispánica. Foi profesor de Secundaria e Bacharelato no ensino público, aínda que na actualidade dedícase exclusivamente á escritura.

Gañador do Premio Gran Angular 2020 coa versión de Eric e finalista ao Premio Nadal 2010 coa “La edad de la ira”, convertida en serie para Atresplayer Premium, na súa traxectoria narrativa destacan títulos como “Hasta nunca, Peter Pan”, “Cuando todo era fácil” ou “El sonido de los cuerpos”. Ademais, é autor de títulos xuvenís como “El río de las primeras veces”, “Nadie nos oye”, o “Cual es tu lucha”

Como dramaturgo, estreou as súas obras dentro e fóra de España.

Premio Max 2018





GALGO AZUL

DATA: VENRES 17/05/24

Traballa na administración orientada ao sector industrial, aínda que leva escribindo desde moi nova. A súa primeira novela, Marafariña, en parte autobiográfica. Esta novela ten unha secuela, Inflorescencia, publicada 3 anos máis tarde. En canto a Todas as horas morren, é unha novela curta que, na ficción, foi escrita por Olga a partir dunhas páxinas que comezou a súa nai. Finalmente, escribiu un ensaio sobre o cantante de pop Tino Casal.

Aínda que na súa obra sempre dá protagonismo ás mulleres (xeralmente lesbianas), rexeita a etiqueta de novelaslésbicas dado que non son exclusivas de persoas LGTBI.

En palabras da autora:

Creo que ningunha autora ou autor escribe novela LGBT propiamente dita. Escriben novela romántica, novela fantástica, novela intimista, novela de ciencia ficción en cuxa trama se reflicte algún personaxe homosexual. Non sei en que clase de mundo seguimos vivindo que fai que este tipo de libros deban ter un distintivo, coma se só puidesen enfocarse a un público xeral. Que rabia. Coma se fose un problema, unha barreira, un distintivo. Que chirriante. Porque eu leo máis cantidade de novela heterosexual que de novelalésbica, pero parece que o mundo heterosexual non pode asumir ler novelalésbica.



CASARES QUIROGA

DATA: MÉRCORES 15/05/24

Director Xeral de Igualdade Real e Efectiva das Persoas LGTBI+

A ministra de Igualdade, Ana Redondo nomea a Julio del Valle como director xeral para a Igualdade real e efectiva das persoas LGTBI+ Del Valle, natural de Serrada, ten un longo currículo como político. Ser deputado nas Cortes (2020-2023), pero tamén como concelleiro do Concello de Valladolid durante oito anos, (2003-2011) e deputado na Deputación dende 2011-19.

Tamén ocupou o cargo de Vogal Consultor no Gabinete da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores. Foi membro do Consello de Goberno do Instituto da Xuventude e tamén da Comisión de Participación do Plan Nacional sobre Drogas.

Ocupou diferentes cargos en asociacións e plataformas estatais de participación social, como presidente e líder internacional no Consello da Xuventude de España, vicepresidente da Plataforma de Voluntariado, secretario xeral da Plataforma da Infancia e presidente de ASDE-Scouts de España.

Tamén recibiu diferentes premios e condecoracións pola súa obra, como a Cruz da Orde Civil de Alfonso Traxectoria de Defensa dos Valores Xuvenís en Castela e León.



HALL T. COLÓN

DATA: VENRES 17/05/24

Licenciado en Dirección de Escena e Dramaturxia pola Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid e doutor en Ciencias das Relixións¹ pola Universidade Complutense de Madrid. Foi profesor de dramaturxia na ESAD de Valladolid.

Actualmente traballa como dramaturgo, director de escena e tradutor de obras teatrais. Do 2020-2023 é o Director Artístico do Festival de Outono da Comunidad de Madrid

Defensor do dereitos LGTB, a homosexualidade foi un tema presente nalgúns dos seus mellores traballos.

Premio Nacional de Literatura dramática 2019

Premio Max 2016



PREMIO SAMUEL LUIZ

GALGO AZUL

DATA: SÁBADO 18/05/24

Primeira muller trans deputada en España. Primeira muller trans senadora nas Cortes Xerais de España

Saíu da súa cidade natal en 1977, xa que naqueles momentos se facía impensable que unha persoa transexual puidese desenvolver a súa identidade de xénero nunha contorna rural. Viviu a fin da ditadura franquista e do posfranquismo de cheo, ademais da persecución policial. En España, ata o ano 1979, as persoas transexuais e homosexuais podían ser encarceradas baixo a Lei de “perigosidade social”.

Activista polos dereitos das persoas transexuais de xeito directo desde 1977, pediu o voto para o Partido Socialista nun medio de comunicación das Palmas de Gran Canaria (antes das primeiras eleccións democráticas), porque argumentaba que sería a formación política que mellor defendería vos dereitos das persoas transexuais; a partir de aí, a súa aparición nos medios vén sendo frecuente ata hoxe.

En 1980, gravou o primeiro documental temático sobre transexualidade que se emitiu na Televisión Española (TVE-2). Este documental foi secuestrado pola censura e non se emitiu ata setembro do ano 1981, debido a que arremeteu contra xuíces por non posibilitar o cambio de nome e sexo legalmente. Finalmente, viu a luz logo da frustrada tentativa de golpe de estado á democracia por parte do coronel Antonio Tejero.



OBRADOIRO

FUNDACION LUIS SEOANE

DATA: MARTES 14 - VENRES 16/05/24

PERFORMAR A DISIDENCIA

Inmersión na arte Cuir: Mergullar aos participantes na prácticas da arte cuir, explorando a disidencia e a subversión como ferramentas de desenvolvemento persoal e, polo tanto, colectivo. •

Experimentación coas Artes Vivas: Integrar as artes vivas no proceso creativo, fomentando a interacción directa co público e a creación de experiencias sensoriais inmersivas en contextos non teatrais.

Creación Colectiva: Facilitar a colaboración entre as persoas participantes para xerar propostas escénicas que fusionen a creación escénica contemporánea e a teoría cuir.

Presentación: Experiencia escénica que promova a participación activa do público e a reflexión compartida.

(MOSTRA VENRES 17 18:30)



EXPOSICIÓN

09 CUIR IMAGINARIO by FELIPE RIVAS

CASARES QUIROGA DATA: XOVES 09 - XOVES 30/05/24



Felipe Rivas San Martín é artista visual e activista da Disidencia Sexual. Licenciado en Artes Visuais na Universidade de Chile, actualmente realiza o Magister de Artes Visuais na mesma Universidade.



O seu traballo céntrase no traspaso e desprazamento de soportes, a produción de subxectividade contemporánea e a relación entre o corpo, a imaxe virtual e as novas comunicacións. O seu traballo creativo atópase en constante experimentación coas novas tecnoloxías, usou esta innovación para facer “realidade”, polo menos de maneira ficticia, un arquivo negado, o da comunidade queer e LGBT+, á cal hai 100 anos prohibíuselle ou censurou este tipo de imaxes.



DOMINGO DA SEOANE

FUNDACION LUIS SEOANE

DATA: DOMINGO 19 13:00

Como todos os anos o peche do CORUFEST ven sendo un trampolín para artistas locais e galegxs onde presentar as súas propostas musicais e escénicas.

Neste ano coa presenza de:

- LERIA

